



San Martín de Suarna, A Fonsagrada, Maio 1980

Informante: Josefa (49 anos)

Compiladora: Dorothe Schubarth

Transcripción: Dorothe Schubarth e Antón Santamarina

Miña terra miña terra
terra onde m'eu criei
hortiñas que quero tanto
figueiriñas qu'eu plantei.

Prados ríos arboredas,
pinares que move o vento,
paxariños piadores
casiña do meu contento.

Adiós ríos, adiós fontes
adiós regatos pequenos,
adiós vista dos meus ollos
non sei “cuando” nos veremos.

Amoriños das silveiras
dos que eu daba ó meu amor
caminiños hastro millos
adiós para sempre adiós.

Adiós, Virxen d' Asunción,
blanca com' un Serafín
lévete no corazón
e píde a Dios por min,
Miña virxen da Asunción.